

## **A ALCALDESA DE VIVEIRO ENCABEZA A DELEGACIÓN DE AFECTADOS POLO ERE DE VESTAS QUE VIAXOU AO PARLAMENTO PARA REIVINDICAR QUE SE MANTEÑAN OS 150 POSTOS DE TRABALLO**

**O Concello viveirense e a Deputación de Lugo xa reclamaron de xeito unánime medidas que garantan o futuro da planta, "fundamental para centos de familias da Mariña e para a súa economía", subliña María Loureiro**

**José Ramón Val, encargado de defender a posición do PSdeG na Cámara, esixe a mediación da Xunta para evitar o ERE dunha empresa "tremendamente rendible e competitiva" afectada pola suspensión das primas e a paralización do plan eólico**

**Santiago de Compostela, 14 de abril de 2015.** A alcaldesa de Viveiro, a socialista María Loureiro, xunto á Vicepresidenta Segunda da Deputación de Lugo, a tamén socialista Lara Méndez, encabezou unha delegación de máis de cen traballadores da empresa Vestas que viaxaron hoxe a Santiago para escoitar o debate dunha proposta no Parlamento de Galicia para reclamar a mediación da Xunta e parar o ERE que afecta á empresa mariñá.

Tanto a Alcaldesa viveirense como a Vicepresidenta provincial reivindicaron que se garanta a viabilidade desta planta e se manteñan os 150 postos de traballo, "fundamentais para centos de familias da Mariña, entre os empregos directos e indirectos, e para a súa economía", así como un compromiso firme e medidas concretas da Xunta para conseguilo.

Lembraron neste senso que a corporación municipal de Viveiro manifestou de xeito unánime o apoio aos traballadores de Vestas e rexeitou os dous EREs propostos pola empresa nun pleno extraordinario e urxente convocado a finais de marzo pola rexedora da localidade.

Na Deputación de Lugo tamén se adoptou un acordo de todos os grupos políticos no Pleno de marzo no que se demanda á Xunta medidas que garantan o futuro da fábrica, así como a creación das infraestruturas necesarias para axudar ás empresas a ampliar a súa capacidade produtiva na Mariña.

A Alcaldesa vivariense subliñou así mesmo que, "se alguén se comprometeu totalmente cos traballadores de Vestas e co seu futuro foi este goberno municipal, con todos os riscos que iso supuxo".

### Debate no Parlamento

O deputado da Mariña José Ramón Val foi o encargado de defender a posición dos socialistas galegos, que se sumaron á proposta para que o goberno galego "asuma o compromiso de mediar e facer valer a súa posición para garantir a continuidade dos empregos".

Val dixo que o desleixo do goberno galego co sector das enerxías renovables provocou unha parada de produción de varios meses nunha empresa "altamente rendible e competitiva". Esta situación traducíuse nun ERE extintivo de 54 traballadores e o ERE temporal de outros 95, así como a externalización do servizo de almacén.

O deputado socialista explicou que a suspensión das primas ás renovables "non só significa a paralización do plan eólico, senón tamén un golpe mortal á industria metal – mecánica galega, cun importante custe en destrución de postos de traballo". Lembrou os casos de ECAR, en Mondoñedo, que despediu a 69 traballadores, o GrupoMon, ou a factoría de Sargadelos, cun ERE extintivo que afectou a 70 persoas.

Criticou o silencio do goberno galego fronte a unha estratexia enerxética dirixida a "poñer en marcha medidas recatorias e cebarse cos custes regulados e coas enerxías renovables". No seu obxectivo de rematar co déficit de tarifa, e coa escusa de reducir o prezo da electricidade, dixo, o goberno "só ten actuado contra as enerxías renovables e asumido como súa a posición dos *lobbys* eléctricos".

Advertiu da situación de Galicia, claramente prexudicada cando produce o 8,8 por cento da enerxía eléctrica do Estado, conta co 11,5 por cento do parque eólico e o 17 por cento da potencia instalada e produce o 21 por cento da xeración eléctrica a partir de fontes renovables.

Malia esta situación a priori privilexiada, a paralización sectorial do plan eólico posto en marcha polo goberno de Touriño e o seguidismo irreflexivo da estratexia do goberno central sitúa ao borde da extinción á industria galega das renovables, a pesares de que esta produción eólica sexa imprescindible para que España cumpra co obxectivo da Estratexia 2020 da UE.

Saúdos, Comunicación PSdeG-PSOE